

# DIANTE DE TI

Hong Sang-soo, 2021

# 966

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2022 | V.O.S.G. | +7

Logo de varios anos vivindo nos Estados Unidos, Sangok regresa a Seúl para se reencontrar coa súa irmá e o seu sobriño. Mentres se acostuma á vida en Corea, pasea por un parque ou busca a antiga casa onde medrou, convertida agora nunha tenda. Aínda que leva moitos anos sen exercer como actriz, Sangok decide encontrarse cun famoso director de cinema máis novo ca ela, que lle propón participar no seu vindeiro filme. Sangok vive a vida no presente pero, pese ao seu desexo de regresar á interpretación, garda un segredo que a fai dubidar.

«Un relato maravilloso e encantador. Ten unha franqueza emocional inusual»

Jessica Kiang, VARIETY



## Lamber as feridas e admirar as cicatrices

Por David García Miño

Hai lugares comúns que non o son tanto. Hong Sang-soo dá unha nova volta ás súas inquiredanzas nunha obra que decorre entre o cotián máis absoluto e a maxia máis recóndita: a poesía máis densa daquilo que non se pode describir con palabras. Desta volta, sobre o paso do tempo, sobre o que marchou, sobre o que perdemos. Sobre o que unha vez fomos e agora tememos, sobre o medo á morte ou á vida, en realidade. *Diante de ti* aproxímase á vida tomando como lugar de partida unha muller que se enfrenta á catarse que a persegue. Para iso Hong desenvolve os seus habituais recursos conversacionais nos que a protagonista dialoga con diferentes personaxes que irán deseñando un todo complexo e autocontido na súa propia esencia. O filme ofrece unha sorte de depuración extrema do estilo do cineasta para achegar a súa mensaxe: a verdade sobre o interior, a aceptación da temperanza, o ser e o estar por riba de todo o demais, a busca íntima alén de todo elemento extrínseco que poida contaminar a propia realidade percibida.

A contextualización da familia colócase nun plano principal, ofrecendo certa intención relacional sobre a diverxencia á que se enfrenta a protagonista —magnífica Lee Hye-yeong— sobre a idea de vivir con liberdade, con descaro, sen limitacións e sen medo, de fronte, sabendo que as cousas importantes sempre estiveron diante do seu rostro. Por suposto, todo sucede no silencio semántico, desde conversas que significan miles de cousas e ofrecen decenas de pés interpretativos, pero nunca din nada de fronte, xogan a través dese estilo directivo que chanta a cámara nun infinito plano inmóbil e foxe da montaxe, xerarquizando a mirada desde o zoom.

Os personaxes que cruzan no camiño da muller son o punto de apoio primordial que enchen de sentido a película: o director de cinema chora amargamente no cénit do platónico, a necesidade de deixar pegada, a beleza alén do paso dos anos, a volta ás raíces, a autoaceptación e a busca da validación cara a atrás no tempo son só algúns dos seus grandes fundamentos. Estes motivos atopan refuxio en escenas fermosísimas e temperadas nas que todo cobra sentido unha vez situados na roda da vida que é *Diante de ti*: nas bágoas do cineasta que vive o terror do efémero ao non converter o caduco en perenne, a culpabilidade e a contradición e eleva a arte como xeito único de transcendencia; na mención das engurras, nesa escena na que a protagonista expón a súa inquiredanza coa idade atopamos o temor ao que ficou atrás, ao mundo superficial ou ao pulso da era; na conversa coa nena, nesa aperta longa e nesa declaración de «es unha boa rapaza» está a redención, o «non o fixen tan mal», o alto no camiño para lamber as feridas e admirar as cicatrices; na cunca de café xunto ao ser querido conviven todos os mundo vividos e por vivir que se concentran nunha posible eternidade que perde definición unha vez todo está aceptado e aprobado.

*Diante de ti* é un filme, como é habitual na obra de Hong Sang-soo, fundacional e deconstrutivo, en tanto que describe un intre vital desde as súas mesmas orixes e sométeo ás máis imperceptibles inversións teóricas para lle dar unha vida improbable. E pode reconciliar a un coa vida e coas ganas de saír e pegar dous berros baixo a chuva e con certo espírito discordante que saiba dicir que non cun sorriso e que si buscando o desacordo. Cotiá, como non, pero exquisita e docta. Invariable.